



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Organización e RR.HH.

*Bases específicas do concurso-oposición para a provisión dunha praza de arquitecto/a superior, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización para 2023*

A Xunta de Goberno aprobou as seguintes bases específicas do concurso-oposición para a provisión dunha praza de arquitecto/a superior, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización para 2023 co seguinte literal:

##### Primeira- Obxecto da convocatoria

1.-Clasificación da praza.- Praza de arquitecto/a-Escala de Administración Especial I. Subescala: Técnica. Categoría facultativa superior. (2110002)

2.- Número de prazas que se convocan.- 1

3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo A1 nivel 26, segundo os acordos adoptados pola Corporación ao respecto.

4.- Sistema de provisión.- concurso oposición.

5.-Titulación esixida.- Titulación de grao en arquitectura ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitectura.

6.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas bases xerais

7.- Misión do posto

Organizar e desenvolver os recursos e actuacións dispoñibles da corporación en materia de urbanismo e realizar o estudo, avaliación, desenvolvemento e control de obras; proxectos e informes urbanísticos necesarios para o desenvolvemento da actividade municipal nas súas diferentes áreas de acordo cos procedementos establecidos, lexislación vixente

8.-Funcions do posto de traballo (O2.O.A006)

- I. Asesorar e dar soporte técnico, informar e representar en materias da súa especialidade, tanto internamente dentro da propia Corporación, como externamente respecto das entidades locais, empresas, outras institucións e organismos, así como usuarios en xeral cando a dificultade técnica así o requira.
- II. Elaborar estudos, informes técnicos e especificacións de diversa índole para dar resposta ás necesidades dentro das áreas da súa especialidade
- III. Elaborar e avaliar o planeamento urbanístico ordenando o territorio, segundo os criterios establecidos, e elaborando aqueles proxectos de urbanización e/ou remodelación do espazo urbano, que fosen acordados pola Corporación.
- IV. Desenvolver e xestionar aqueles proxectos, obras ou outras ordes que se lle asignen, baixo os criterios e directrices establecidos para a súa execución.
- V. Supervisar e xestionar a disciplina urbanística no territorio tanto para a promoción pública como privada (plans urbanísticos, obras, rehabilitación, actividades que afecten ao medio ambiente, etc.).
- VI. Velar pola seguridade e saúde no posto de traballo, utilizando adecuadamente os equipos relacionados coa súa actividade, según os procedementos establecidos e normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- VII. Adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para cumprir coa normativa vixente sobre a protección de datos persoais así como manter o deber de segredo e confidencialidade
- VIII. Substituír o/a Xefe/a do servizo en caso de ausencia deste, ou cando o posto se atopase vacante.

9.- Documentación a presentar xunto coa instancia.- ( non será necesario acreditar os datos que consten no Concello de Narón, pero deberán ser alegados para a súa comprobación pola Administración deste Concello)

- Fotocopia do DNI

- Fotocopia da titulación esixida.
- Xustificante de pago dos dereitos de exame
- Fotocopia dos méritos alegados, no seu caso.

10.- Dereitos de exame: 17,21 € .

11.- Composición do tribunal.- O tribunal estará composto por:

- Presidente (titular e suplente)
  - o Un funcionario/a municipal.
- Vocais (en número de tres titulares e suplentes).-
  - o Funcionario/as de calquera administración pública.
- Secretario/a (titular e suplente).
  - o Funcionario/a de carreira de calquera Administración Pública

Convócase o proceso selectivo para cubrir unha praza correspondentes ao grupo A, subgrupo A1, que se detallan no Anexo I, polo sistema xeral de concurso-oposición, segundo determina o apartado 4 do artigo 20.uno da Lei 31/2022 de 23 de decembro de Orzamentos xerais do Estado para 2023.

1.2 Esta convocatoria rexerese polo previsto nestas bases e nas bases xerais da oferta pública de emprego 2023 e, en defecto de norma aplicable, estarase ao establecido no Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño que aproba as regras básicas e programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Admón. Local; O Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado .

1.3 De conformidade co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos persoais, os facilitados por quen concorran á presente convocatoria serán tratados polo Concello de Narón e incorporados no sistema de tratamento «Recursos Humanos», coa finalidade de xestionar e tramitar o proceso de selección obxecto da mesma, finalidade baseada principalmente na necesidade de dar cumprimento ao estipulado na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Os datos poderán ser comunicados a outras entidades públicas en cumprimento da normativa laboral, de seguridade social e tributaria e a calquera outra entidade no caso de que exista obriga legal.

Os/as interesados/as poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, e dispoñen de información adicional sobre o exercicio destes e outros dereitos, en relación cos seus datos persoais, na sede electrónica municipal : [www.sedelectronica.naron.es](http://www.sedelectronica.naron.es)

### **Segunda- Procedemento de provisión**

Conforme ao previsto no RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado e o establecido no RD 896/1991 de 7 de xuño polo que establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local , o sistema será de concurso-oposición

### **Terceira- Solicitudes**

**3.1.** Poderanse solicitar as prazas que se inclúen no Anexo I destas bases, sempre que se reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria.

**3.2.** As solicitudes para tomar parte no concurso-oposición, dirixiranse á Sra. Alcaldesa- Presidenta, e se axustarán ao modelo publicado na Sede electrónica municipal [www.sedelectronica.naron.es](http://www.sedelectronica.naron.es) (no apartado de “Oferta Pública de Emprego” “Concurso-oposición”, e presentaranse no prazo de 20 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación da presente convocatoria no «Boletín Oficial do Estado» a través da propia sede electrónica, ou nas oficinas a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**3.3.** Coa solicitude presentaranse os seguintes documentos con carácter xeral:

- Solicitude de participación modelo oficial
- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida Titulación de grado en arquitectura ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitectura

- Certificado de situación administrativa á data da publicación da presente convocatoria no BOE
- Certificado/s de méritos
- Declaración de non ser separados de calquera das administracións públicas: «Declaro non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparme en situación de suspensión firme de funcións, nin acharme en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, comprometéndome a comunicar á autoridade competente calquera cambio que se produza neste sentido na miña situación persoal.»

Ademais, deberase acompañar á solicitude:

1. Acreditación de posuír a titulación de galego correspondente a CELGA 4

No suposto de non estar en posesión do título de CELGA correspondente á praza a que se opta, deberán realizar proba de nivel de galego que se cualificará de apto/non apto. De resultar “non apto” quedará eliminado/a da presente convocatoria

2. Os/as funcionarios/as con algunha discapacidade deberán facelo constar na propia solicitude , así como o tipo de adaptación que necesitan para o desempeño do posto de traballo, a efectos do disposto no artigo 10 do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, debendo acompañar un informe, expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teña atribuído o posto ou postos solicitados. En calquera caso, a compatibilidade co desempeño das funcións propias do posto de traballo valorarase tendo en conta as posibilidades de adaptacións que se poden realizar no mesmo.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para o/a petionario/a, sen que poidan ser obxecto de modificación, aínda que poderá aceptarse polo Tribunal aclaración aos méritos previamente alegados.

**Cuarta- Condicións de valoración da fase de concurso**

**4.1.** Os requisitos, méritos e calquera outros datos alegados polos/as solicitantes deberán estar referidos á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.

**4.2.** O desempeño de postos computarase por meses ou quincenas naturais, ata o último día do prazo de presentación de instancias, inclusive.

**Quinta. Proceso selectivo**

O proceso selectivo constará de dúas fases: unha fase de oposición e outra de concurso de méritos.

**FASE DE OPOSICION:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Constará de un exercicio.

**Primeiro exercicio:** Obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo de 90 minutos, un cuestionario de 30 preguntas relativas ao temario referido no anexo I

A cualificación deste exercicio será de 0 a 60 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 30 puntos para superalo.

**Segundo exercicio:** Proba de galego

Os/as concursantes que non acrediten a posesión da titulación de galego CELGA 4 participarán nunha proba eliminatoria que se cualificará como APTO ou NON APTO, destinada a avaliar un grao de coñecemento do galego equivalente ao conseguido coa obtención do CELGA 4

Estará exento/a desta proba quen acredite estar en posesión do CELGA 4, expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou do seu equivalente.

O chamamento para a realización da proba será único.

Para á corrección desta proba designarase un funcionario/a do servizo de normalización lingüística do Concello de Narón, que actuará como experto/a.

A valoración desta proba será de “APTO” ou “NON APTO”.

**FASE DE CONCURSO**

A fase de concurso, que será posterior á de oposición, solo se valorarán aqueles aspirantes que tivesen superada a fase de oposición.

se valorará cun máximo de 40 puntos do seguinte xeito:

**1. Méritos:** puntuación máxima 40 puntos

**1.1 Valoración do traballo desenvolvido:** Valoraranse o desempeño dos postos de traballo nos 4 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, calquera que sexa a forma de ocupación prevista regulamentariamente dentro do mesmo subgrupo de clasificación; mesma categoría e especialidade, no seu caso, ata un máximo de 30 puntos , segundo a distribución seguinte:

1.1.1 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días de desempeño de posto de traballo no servizo/sección/departamento funcional do posto convocado no mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade ou categoría equivalente (contrato laboral), no seu caso da praza que se convoca na Administración Local: **0,60 puntos (máximo 30)**.

1.1.2 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días en servizo/sección/departamento funcional distintas do posto que se convoca dentro do mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade, ou categoría equivalente (contrato laboral) no seu caso da praza que se convoca na Administración Local : **0,30 (máximo 15)**:

1.1.3 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días no servizo/sección/departamento funcional do posto convocado no mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade , categoría equivalente (contrato laboral) no seu caso da praza que se convoca en Administración Pública distinta da local : **0,020 puntos (máximo 6)**.

**1.2 Cursos de formación e perfeccionamento:** Puntuación máxima: 10 puntos.

Só se valorará os cursos realizados e acreditados nos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, agás As titulacións académicas de grao; máster ou postgrao relacionadas coas funcións do posto de traballo para os que non se terán en conta os límites temporais.

Só serán avaliábles os cursos directamente relacionados coas tarefas e funcións propias do posto de traballo ao que se opta incluíndo aqueles de formación xeral en procedemento administrativo, seguridade no traballo, igualdade e informática de xestión, organizados e convocados por Administracións Públicas territorial e institucional así como por Universidades públicas e universidades privadas, neste suposto, sempre que a formación acredite créditos oficiais (ETCS) .

Non será avaliáble a titulación académica requirida para o acceso ao subgrupo/grupo profesional

As titulacións académicas de grao; máster ou postgrao relacionadas coas funcións do posto de traballo, non comprendidas non apartado anterior, deberán referir o programa de formación así como os créditos ETCS ou equivalentes, no seu defecto, horas de formación. En caso de non quedar acreditados créditos ou horas, non se procederá a súa valoración

Os cursos que non acrediten o número de horas ou no seu caso o número de créditos ETCS; contido ou programa da formación, non poderán ser valorados

A valoración farase de acordo ao seguinte baremo

1.2.1	Por cursos con duración de 15 a 20 horas	0,40 puntos
1.2.2	Por cursos con duración de 21 a 40 horas	0,70 puntos
1.2.3	Por cursos con duración de 41 horas a 99 horas	1 punto
1.2.4	Por cursos/títulos con duración de mais de 100 horas ou 4 ETCS	3,5 puntos

Non se poderá acumular a puntuación por recibir ou impartir o mesmo curso, agás se acredite que se trata de reedicións actualizadas.

**Sexta- Proposta de Resolución do proceso selectivo**

Concluído o proceso selectivo o Tribunal propondrá á Alcaldía-Presidencia que se adxudiquen as prazas e os postos de traballo aos/ás candidatos/as que obtivesen maior puntuación segundo a puntuación final do proceso selectivo, sumados os resultados finais de ambas as fases.

O prazo máximo para a resolución do proceso selectivo será de tres meses contados desde o día seguinte ao da finalización da presentación de solicitudes, podendo prorrogarse por un mes máis a proposta do tribunal.

A adxudicación do posto na presente convocatoria producirá o cesamento no posto de traballo de quen o viñese desempeñando

**ANEXO I****Grupo 1**

TEMA 1.– A Constitución Española de 1978. Estructura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Reforma constitucional.

TEMA 2.– A Coroa. As Cortes Xerais: composición. Funcións. Funcionamento.

TEMA 3.– O Goberno. Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

TEMA 4.– O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente. A administración de Xustiza. Competencias.

TEMA 5.– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigação de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.

TEMA 6.– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 7.– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación, instrución e terminación.

Tema 8.– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

TEMA 9.– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Recursos administrativos. Principios xerais. Obxecto e clases. Normas xerais dos recursos administrativos. Recurso de alzada. Recurso de reposición. Recurso extraordinario de revisión. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje. A suspensión da execución do acto percorrido.

TEMA 10.– Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Competencias. Órganos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.

TEMA 11.– Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización.

TEMA 12.– Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local municipios de gran poboación: o alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os tenentes de alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións. O Pleno: Composición e competencias. As Comisións Informativas.

TEMA 13.– Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia: Dereitos e deberes das/os funcionarias/os locais. Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.

TEMA 14.– Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os recursos das Facendas Locais. Taxas e prezos públicos.

TEMA 15.– Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais .Orzamento municipal. Estructura de ingresos e gastos. Procedemento de aprobación e modificación do Orzamento municipal.

TEMA 16.– Marco normativo específico da Prevención de Riscos Laborais. A Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais: dereitos e obrigas. Servicios de prevención.

TEMA 17.– Normativa estatal e galega en materia de igualdade: principais medidas contempladas polo Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: disposicións xerais. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral de do sector público autonómico de Galicia

TEMA 18.– Lei 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: principios de protección de datos. Dereitos das persoas.

**Grupo 2**

TEMA 1.– Real Decreto Legislativo 7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: Estatuto xurídico da propiedade do solo. Estatuto básico da promoción das actuacións urbanísticas.

TEMA 2.– Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: Bases do réxime do solo. Regras procedimentais comúns e normas civís.

TEMA 3.– Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Función social da propiedade e xestión do solo: venda e substitución forzosas; patrimonios público do solo; dereito de superficie. Réxime xurídico: actuacións ilegais e co Ministerio Fiscal; peticións, actos e acordos; accións e recursos; Rexistro da Propiedade.

TEMA 4.– Valoracións urbanísticas e expropiatorias. Regulación contida no texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación Urbana e no Regulamento de valoracións (Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro).

TEMA 5.– Expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial. O proxecto de expropiación. Indemnización das facultades urbanísticas.

TEMA 6.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo urbano. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

TEMA 7.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo de núcleo rural. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

TEMA 8.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo urbanizable. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

TEMA 9.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo rústico. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

TEMA 10.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). O planeamento urbanístico. Límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. Normas de calidade ambiental e paisaxística. Avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de planeamento urbanístico. Normas de aplicación directa.

TEMA 11.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). O Plan Básico Autonómico.

TEMA 12.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

TEMA 13.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Planeamento de desenvolvemento dos PXOM: Disposicións comúns aos planes de desenvolvemento.

TEMA 14.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Planeamento de desenvolvemento dos PXOM: Plans Parciais. Plans Especiais. Ordenación urbanística que afecte a varios municipios.

TEMA 15.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Outras figuras de planeamento: Delimitacións de solo de núcleo rural. Estudos de Detalle. Catálogos.

TEMA 16.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da súa aprobación. Edifícios fóra de ordenación ou incompatibles coa ordenación.

TEMA 17.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Execución do planeamento. Disposicións xerais: Execución e conservación das obras de urbanización. Proxectos de urbanización. Obras de urbanización. Conservación da urbanización.

TEMA 18.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Execución do planeamento: Disposicións xerais. Áreas de reparto. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución.

TEMA 19.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). A equidistribución: principios e criterios. Operacións de reorganización da propiedade en solo urbano e solo de núcleo rural.



TEMA 20.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Sistemas de actuación: Clases. Elección do sistema. O cumprimento dos prazos de equidistribución e urbanización.

TEMA 21.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Sistema de compensación: estatutos e bases. Xunta de compensación. Sistema de concerto.

TEMA 22.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Sistema de cooperación. Sistema de expropiación.

TEMA 23.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Obtención de solo de sistemas xerais e locais. Patrimonios públicos do solo.

TEMA 24.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Fomento da edificación, conservación e rehabilitación. Deberes. Ordes de execución. Rexistro de soares e venda forzosa. Declaración de ruína.

TEMA 25.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Títulos habilitantes de natureza urbanística. Licenzas urbanísticas. Comunicacions previas.

TEMA 26.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Parcelacións urbanísticas. Contido do proxecto de parcelación.

TEMA 27.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). A inspección e disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións. A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

TEMA 28.– Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Os convenios urbanísticos.

TEMA 29.– As normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. Criterios de elaboración, presentación e entrega. Base cartográfica.

TEMA 30.– As normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. Disposicións comúns. Anexos.

TEMA 31.– As normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. Sinatura e dilixenciado dixital. Inscripción do instrumento de planeamento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia de conformidade co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e co seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG).

TEMA 32.– Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

TEMA 33.– Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón: Sistemas Xerais.

TEMA 34.– Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón: Regulación do solo urbano.

TEMA 35.– Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón: Regulación do solo de núcleo rural.

TEMA 36.– Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón: Regulación do solo urbanizable.

TEMA 37.– Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón: Regulación do solo rústico. Réxime Xeral de aplicación. Solo rústico apto para urbanizar. Solo rústico especialmente protexido.

TEMA 38.– Regulación urbanística do solo industrial no termo municipal de Narón.

TEMA 39.– O Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Narón: Plan de acción. Xerarquía viaria. Programas de actuación.

TEMA 40.– Ordenanza municipal reguladora do procedemento de intervención administrativa na execución de obras e no exercicio de actividades e servizos no termo municipal de Narón.

TEMA 41.– Ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostalaría de Narón.

TEMA 42.– Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Narón.

TEMA 43.– Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Normativa de aplicación. Tipoloxías de contratos e clasificación. Capacidade e solvencia. Obxecto, prezo e elementos formais.

TEMA 44.– Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público: o contrato de obras. Actuacións preparatorias do contrato de obras. Execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

TEMA 45.– Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público: Contratos do sector público. O contrato de concesión de obras. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras. Efectos, cumprimento e extinción das concesións. Construción das obras obxecto de concesión. Dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas da Administración concedente. Extinción das concesións.

TEMA 46.– Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

TEMA 47.– Lexislación do Patrimonio Natural de Galicia. Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Categorias de espazos naturais protexidos, definicións. Composición da rede galega de espazos protexidos.

TEMA 48.– A Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e o seu Regulamento (Decreto 96/2020, de 29 de maio): A consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística. A avaliación paisaxística de plans, programas, usos e actividades.

TEMA 49.– Lexislación estatal e autonómica de costas. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Limitacións da propiedade derivadas da súa protección. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

TEMA 50.– A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

TEMA 51.– Lexislación estatal e autonómica de augas: O Dominio Público Hidráulico (DPH). Bens que o integran. Protección do DPH. Fins. Réxime de usos.

TEMA 52.– Lexislación estatal e autonómica de estradas: O Dominio Público Viario. Concepto e clasificación das estradas. Treitos urbanos. Travesías. Protección do dominio público viario. Delimitación de zonas e usos autorizables ou suxeitos a declaración responsable.

TEMA 53.– Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario. Consideración urbanística das zonas de servizo. O dominio público ferroviario e a súa protección. Limitacións da propiedade nas zonas de protección.

TEMA 54.– Real Decreto 369/2023, de 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea: Autorizacións en zonas de servidume ou que supoñan obstáculos. Articulación co planeamento urbanístico.

TEMA 55.– Lei 3/2022, de 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

TEMA 56.– Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Tipos de bens. Catálogos urbanísticos de protección do patrimonio cultural. Réxime xeral e específico de protección e conservación do patrimonio cultural. Disposición transitoria cuarta. Planeamento municipal.

TEMA 57.– O réxime de protección do Camiño de Santiago. A delimitación do Camiño no termo municipal de Narón.

TEMA 58.– Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Principios xerais. Intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei do patrimonio cultural de Galicia e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección.

TEMA 59.– A Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído. Real Decreto 1367/2007. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

TEMA 60.– Orde TMA/851/2021, do 3 de xullo, sobre condicións básicas de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados.

TEMA 61.– A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e o Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

TEMA 62.– A Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

Tema 63. Código Técnico da Edificación: Obxecto. Ámbito de aplicación. Condicións Xerais para o cumprimento do CTE. Esixencias básicas. Condicións do proxecto. Contido do proxecto.

TEMA 64.– Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

TEMA 65.– Certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia. (Decreto 128/2016, do 25 de agosto e Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño).

TEMA 66.– Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia: Disposicións xerais. Uso, mantemento e conservación das vivendas. Licencia de primeira ocupación e declaración de obra nova.



TEMA 67.– O Informe de Avaliación de Edificios. O Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación de edificios (IAE) na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o rexistro galego de IAE. A súa xestión municipal.

Tema 68.– Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción: disposicións xerais e disposicións específicas de seguridade e saúde durante as fases do proxecto e execución das obras.

TEMA 69.– Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia. Regulación integrada do exercicio de actividades.

TEMA 70.– Decreto 144/2016, do 22 de setembro, de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

TEMA 71.– A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

TEMA 72.– Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

(Calesquera referencia normativa do temario se entende referida ás disposicións legais vixentes na data do exame.)

Narón, 6 de setembro de 2024

A alcaldesa

Marian Ferreiro Díaz

2024/6254